CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Nº 131. Decembro 2016. Distribución gratuíta

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

Deputación DA CORUÑA

MELIDE

O Conservatorio regresa ás clases con cambios impostos polo Concello P11

POLÍTICA

O BNG volve ter edís e dá por rematada a súa travesía no deserto P12

CULTURA

Unha mostra recupera en Santiso apeiros de labranza antigos P20

ENTREVISTA

Xanela Ocio e animación

Melide é un ano máis o destino predilecto para as compras de Nadal

Por variedade, por calidade, por prezo e por atención Melide volve ser o lugar de referencia para mercar este Nadal. Tamén por todos os atractivos que ofrece a vila nestas datas especiais, entre eles a campaña que dende hai dezasete anos leva organizando Asetem e que chega esta edición con récord de negocios participantes: oitenta e nove.

Ata o 8 de xaneiro todas as persoas que merquen nalgún dos comercios ou empresas inscritas recibirán boletos para participar no sorteo de 6.000 euros en premios distribuídos do seguinte xeito: un premio de 2.000 euros, dous premios de 1.000 euros, tres premios de 500 euros e dous premios de 250 euros. O sorteo realizarase ante notario o 9 de xaneiro no transcurso dunha gala na Casa da Cultura de Melide que terá como mestre de cerimonias a Víctor Grande e contará coa actuación de Dani Royo & Versions Band. P3

Sobrado aposta polo Camiño como estratexia de futuro

O número de romeiros que pasan polo municipio medrou un 10% no último ano, abrindo as portas á creación de negocios relacionados coa peregrinación. P13

A polémica por un cartel marca o Festival da Maxia

A controversia, primeiro institucional e logo mediática, xurdiu a raíz dun show de temática erótica. A afluencia de público foi masiva nesta 4ª edición. P19

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

27 anos ao teu serwizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

O pecado da palabra

O pecado estivo na palabra. Puido ser maxia gótica, maxia exótica ou maxia caótica. E non pasaría nada. Pero resulta que foi maxia ERÓTICA. Sete letras emanando sensualidade que activaron algúns dos prexuízos que nos levan lastrando séculos, reforzados neste caso polo efecto amplificador dun chiste malo: *yo pongo la varita y tú pones el conejo*.

A polémica xerada por un dos carteis anunciadores do IV Festival de Maxia de Melide retrátanos como sociedade. O que vemos no espello non nos gusta nada. Que o uso do erotismo como fío argumental dun espectáculo sexa motivo de controversia fainos pensar que en realidade evolucionamos ben pouco nas últimas décadas, que non somos esa sociedade madura e progresista que pensabamos, que seguimos presos dunha moralidade rancia e botando terra sobre temas tabú que non deberían de selo.

Xulgouse un espectáculo polo simple feito de levar tras de si o adxectivo ERÓTICA, sen coñecer os contidos e esquecendo o compoñente do politicamente incorrecto que tantas veces leva aparellado o concepto de cultura, como debe ser. Esquecendo tamén a liberdade de creación do artista, á que ten dereito sempre e cando non caia na ofensa nin no insulto, como non caeu David el Mago no seu show de maxia. A partir de aí, para gustos, cores. Menos puritanismo e máis sentido do humor.

Por outra banda está o debate sobre o financiamento público como soporte de determinados espectáculos (ERÓTICA). Se unha institución, calquera que sexa, polo feito de poñer cartos vai actuar como fiscalizadora e decidir o que é cultura apta e non apta, cultura boa e mala... mellor que non dea un peso. Iso xa o vivimos noutras épocas e non nos gustou nada.

Ás veces o pecado está na palabra. Outras, nos ollos de quen mira.

Tribuna de opinión

Poñamos o chaleco!

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

El Progreso

Achegamos catro datos para a reflexión:

1.- Galicia ten un 6% máis de falecidos por atropelo ca o resto de España.

2.- O perfil do atropelado correspóndese cunha persoa maior de 65 anos que viste prendas escuras e que se move por vías interurbanas sen levar ningún elemento que o faga visible.

3.- O Regulamento Xeral de Circulación establece que fóra de poboado, entre a posta e a saída do sol ou con condicións meteorolóxicas adversas, todo peón ten a obriga de ir provisto dun elemento luminoso reflector homologado.

4.- Unha persoa que camiña de noite por unha estrada é vista, como máximo, a 20 metros. Se un coche circula a 70 km/h, a distancia de freada do vehículo dende que o condutor pisa o freo ata que se detén é de 56 metros.

Non hai marxe para a dúbida. Se camiñamos sen chaleco reflector estamos expoñendo a nosa vida a un risco innecesario, especialmente nesta época do ano con días grises e menos luz. Vivimos no rural e sabemos por experiencia, porque pasa nas nosas casas, que hai quen se bota ao camiño sen chaleco nin elemento ningún que o/a faga visible. A maioría somos condutores e sabemos perfectamente o ben que se ve un peón con chaleco e o pouco ou nada que se ve o que non o leva. É un pequeno xesto que non custa nada e salva vidas. Poñamos o chaleco!

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Iria Buxán, César C. Vega, Minia Varela
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Laura Díaz
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....2
-EMPRESA.....3
-MELIDE.....11
-COMARCA.....13
-CULTURA E LECER.....19
-COLABORACIÓNS.....22
-ENTREVISTA.....23

Oitenta e nove negocios de Melide reparten sorte na campaña de Nadal

Récord de participación nos 17 anos de historia desta iniciativa de Asetem. Repartiranse 6.000 € en premios

Extracción de números premiados na gala de clausura da campaña de Nadal 2015/2016

A sorte hai que tentala e este Nadal a clientela do comercio de Melide terá máis oportunidades ca nunca para facelo: oitenta e nove negocios participan na campaña de dinamización comercial que organiza cada ano Asetem co gallo de fomentar as compras na vila durante estas datas especiais e a través da cal se repartirán 6.000 € en premios.

A cifra de participación supón un récord absoluto, pois nunca antes nas dezasete edicións que xa conta *Este Nadal toca en Melide* se sumara tal número de establecementos. O anterior récord acadouse precisamente o ano pasado, cando participaron 83 negocios asociados a Asetem.

Agora dende a patronal melidense agardan "que empresas e comercios se impliquen de igual xeito no reparto de rifas" para superar tamén o número de boletos distribuídos na campaña pasada (foron 59.000) e "para que a sorte e o nome do comercio de Melide chegue ao maior número posible de recunchos".

A campaña de Nadal deu comezo o pasado 1 de decembro e prolongarase ata o 8 de xaneiro; 39 días durante os cales toda persoa que merque nalgún dos comercios ou empresas participantes recibirá boletos para participar no sorteo de 6.000 euros en premios distribuídos do seguinte xeito: un premio de 2.000 euros, dous premios de 1.000 euros, tres premios de 500 euros e dous premios de 250 euros.

Premio asegurado

O sorteo realizarase ante notario o día 9 de xaneiro no transcurso dunha gala que dará comezo ás 21:00 horas na Casa da Cultura. Extraeranse sete números cos seus correspondentes reservas. Todos eles serán difundidos a través dos medios de comunicación e abrirase un prazo de 20 días para que os ganadores presenten os boletos agraciados nas oficinas de Asetem. Non obstante, un dos galardóns de 250 euros será sorteado só entre as persoas que asistan á gala de clausura, para o cal recibirán un número á entrada do acto. Iso si, sempre e cando amosen rifas que demostren ter mercado en Melide este Nadal.

SORTEO EN DIRECTO O 9 DE XANEIRO CON VÍCTOR GRANDE E DANI ROYO

Nos últimos anos a extracción dos boletos premiados na campaña *Este Nadal toca en Melide* convértese en todo un espectáculo. A edición 2016/2017 non ía ser menos e por iso, coa Casa da Cultura como escenario e grazas á colaboración do Concello de Melide, o sorteo terá como marco unha gala na que non faltarán a música e o humor, ingrediente este último que se encargará de poñer o humorista **Víctor Grande**, quen actuará como mestre de cerimonias.

Curtido nos escenarios, sobre os que leva feito máis dun milleiro de actuacións en clave cómica, Víctor Grande e a súa "guitarra zurda" déronse a coñecer no panorama nacional tralo seu paso polo concurso *Tú sí que vales*, aínda que o monologuista xa tiña traballado no programa *Land Rober* da TVG e dirixido unha sección semanal de humor en Radio Coruña Cadena SER. El será tamén o encargado de darlle paso á parte musical da gala, onde cobrará protagonismo **Dani Royo & Versións Band**, un zaragozano criado en Galicia que acompañado pola súa banda traerá a Melide o mellor pop-rok.

A gala celebrarase o 9 de xaneiro e dará comezo ás 21:00 horas con entrada libre ata completar aforo.

Víctor Grande e Dani Royo actuarán no sorteo de premios

ESTE Nadal TOCA en Melide

Establecementos participantes

Alain Afflelou Óptico
Angarela
Anic Rotulacións
Avogada Eva Novás
Bodegas Mejuto
Cafetería Chaplin
Cafetería Marian
Cafetería M40
Cafetería Stop
Cafetería-Pastelería Estilo
California 66
Calzados Broz
Carnicería Penas
Carnicería Río
Carola Moda
Casa Alongos
Casa Juanito
Casa Santos
CC Xestión
Centro Comercial Ares
Cociñas Buján
Colorín Colorado
Cooperativa Melisanto
Deportes López
Desguaces Lual
Ekaté
El Dándolo
El Mundo del Pintor
Electrosan
Electricidade Vilela
Eurocadena
Federópticos Melide
Ferretería Noguerol
Fisioterapia Lili
Floristería Maru
Floristería Tarrío
Gasolineira Bocelo
Gasolineira Corredoiras
Hardgalicia (R)
Imaxina Fotografía
Imprenta Meligraf
Intermax
Intres Fotografía
La Cortina
Laia Zapateiros
Leiva Motosport
Librería Cousas
Librería Victorio
M&M
Magnín
Medusa Shop
Melimática
Mercería Marvi
Mis Mejores Labores
Mobles Ares
Muebles Paula
Multiópticas Tabora
Muxica
Neumáticos Melide
O Pequeno Besbello
Ortosaúde
Panadería-Pastelería Toques
Parafarmacia O Cantón
Parrillada O Carburo
Parrillada Pilmar
Pequeniños Zapatería Infantil
Perito Javier López
Pescados Manolo
Pulpería Ezequiel
Pulpería Taboada
Recambios Sando
Recambios Vulcano
Romero Zapaterías
Santín & Amo Perruqueiros
Sisuka
Sport Moda
Stardemoda
Sueños Moda Infantil
Suministros Industriales Cire
Tu Boutik
Viñoteca Ribeirao
Xamonería Garceiras
Xebre
Xoiería Oro Ley
Xoiería Roval
Xoiería Silvela

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

CCA ASETEM

Asetem impartiu un obradoiro de empaquetado de agasallos

Asistentes ao curso, impartido por Margarita Iglesias

Con motivo da chegada do Nadal, Asetem organizou o 1 de Decembro na súa sede un taller de empaquetado e confección de lazos dirixido aos establecementos asociados. Foi impartido por Margarita Iglesias, membro da xunta directiva da patronal, co obxectivo principal de achegar conceptos básicos para a decoración dos escaparates e aprender a facer empaquetados diferentes e orixinais para os agasallos que se mercan nestas datas. No taller, que tivo moi boa acollida, participaron vinte socias. Asetem contempla repetir a experiencia o vindeiro ano.

Un técnico municipal axudaralle ao empresariado cos trámites telemáticos

O pasado 2 de outubro entraron en vigor os cambios realizados na lei de procedemento administrativo, uns cambios que, grosso modo, buscan a eliminación do papel e a implantación dunha administración totalmente electrónica nas relacións entre os cidadáns e as institucións públicas.

Malia que o obxectivo de ditas modificacións é reducir os tempos de tramitación e gañar en axilidade e transparencia, nas súas primeiras semanas de implantación a nova lei está a provocar un caos xeneralizado entre os colectivos afectados, especialmente entre o empresariado que prové a administracións públicas como os concellos.

Ata agora os provedores con facturas inferiores a 5.000 euros podían presentalas en papel nos rexistros de entrada do servizo municipal de Intervención. A raíz dos cambios, excepto no caso dos empresarios físicos, todos teñen que facturar a través da plataforma electrónica do Estado, coñecida como FACe, e realizar os trámites empregando unhas claves propias.

Os cambios na lei de procedemento administrativo fan que o rexistro do Concello deixe de abrir os sábados

No caso do Concello de Melide, o goberno municipal vén de anunciar que ten a disposición do empresariado e dos provedores locais un técnico que lle explicará a quen o precise como se soben as facturas á plataforma FACe e que axudará no proceso de adaptación á administración electrónica. "Non é unha cuestión que poidamos escoller", sinalou a alcaldesa, Dalia García, na radio municipal, "a lei obríganos e nós o que podemos facer é darlle ferramentas á xente para que sexa máis sinxelo adaptarse a este novo sistema". Esta medida responde á demanda realizada no seu día por Asetem, que solicitou do goberno local información e asesoramento sobre os cambios as súas implicacións.

Outra das consecuencias importantes derivadas da nova lei é que o rexistro do Concello deixará de funcionar os sábados de 11:00 a 13:00, pois ese día xa non é hábil.

A FACTURA ELECTRÓNICA

Todas as S.L. e S.A. entre outros, e sempre e cando se fagan facturas de máis de 5.000 euros á administración, deben emitir factura electrónica.

Estas facturas débense emitir dende un programa informático que xere este tipo de documentos, é dicir, que estean escritas nun linguaxe informático determinado. A factura debe incluír todos os campos habituais das facturas (número de factura, data, desglose de IVA...), pero ademais débense de indicar os códigos da administración que debe recibir a factura electrónica (oficina contable, órgano xestor e unidade tramitadora).

O ministerio ten a disposición dos usuarios o programa ***Facturae*** para poder emitir facturas electrónicas. Unha vez feita a factura no programa elixido, esta debe ser asinada con un certificado electrónico (FNMT).

Para finalizar, o arquivo electrónico debe ser enviado ao punto xeral de entradas de facturas electrónicas a través do portal web habilitado a tal efecto ou ben mediante a conexión automática entre o programa informático e o punto xeral de entrada das facturas.

O portal web do ministerio para enviar as facturas denominase ***FACe*** e pódese acceder dende a web www.face.gob.es. Dende este portal pódese enviar factura a administración xeral do estado ou a outras administracións adheridas. Son adheridas a esta páxina web os concellos e a Xunta de Galicia.

De todos os xeitos, a Xunta de Galicia ten o seu portelo para as facturas que os provedores lle desexen presesentar. Accédese dende a paxina web https://factura.conselleriadefacenda.es/, e desde aquí pódese crear a factura electrónica e presentala no rexistro electrónico da Xunta de Galicia.

En ámbolos dous casos, e unha vez presentada a factura, pódese consultar o estado da mesma de xeito que se pode ver se a factura é rexeitada, está pagada etc...

NORMATIVA FISCAL DE INTERESE

PRINCIPAIS NOVIDADES INTRODUCIDAS POLO REAL DRECRO-LEI 3/2016, DE 3 DE DECEMBRO

Aprazamentos e fraccionamentos: amplíanse as débedas que non poderán ser obxecto de aprazamento ou fraccionamento, entre as que destacan as seguintes:

- Non poderán ser obxecto de aprazamento ou fraccionamento os pagos fraccionados do Imposto de Sociedades.
- Non poderán ser obxecto de aprazamento ou fraccionamento os tributos que deban ser repercutidos (IVA), salvo que se xustifique debidamente que as cotas repercutidas non foron pagadas.

PRINCIPAIS NOVIDADES INTRODUCIDAS POLA LEI 39/2015, DO 1 DE OUTUBRO

O 2 de outubro entrou en vigor a Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Esta lei obriga ás persoas xurídicas (S.L., S.A., S.C., Asociacións ...) e ás entidades sen personalidade xurídica (comunidades de bens, herdanzas xacentes, comunidades de propietarios) a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

Isto obriga tanto a recibir as notificacións como a presentar os seguintes documentos e solicitudes a través do rexistro electrónico:

- Formular solicitudes.
- Presentar declaracións responsables ou comunicacións.
- Interpoñer recursos.
- Desistir de accións.
- Renunciar a dereitos.

As declaracións e autoliquidacións de facenda (impostos) continuaranse facendo como ata agora. Tamén se exclúen desta obriga as comunicacións nas que sexa necesario presentar en papel ou soporte físico documentos orixinais, como por exemplo avais ou documentos notariais.

A Deputación premiará as mellores iniciativas empresariais

A deputación da Coruña acaba de convocar a primeira edición do Premio á mellor iniciativa empresarial da provincia, cunha dotación económica de 50.000 euros a repartir entre as dúas categorías nas que se pode concursar.

A primeira está destinada a novas iniciativas empresariais, cunha traxectoria inferior a doce meses dende o inicio da súa actividade, mentres que a segunda recoñecerá a mellor iniciativa empresarial consolidada de máis de cinco anos de actividade. A este premio, cuxas bases se poden consultar no Boletín Oficial da Provincia ou na Base de Datos Nacional de Subvencións, poden presentarse pequenas e medianas empreas, microempresas, emprendedores e autónomos que teñan a súa sede na provincia da Coruña. O prazo de presentación pecha o 30 de decembro e os gañadores daranse a coñecer nun acto público que organizará a Deputación nos primeiros meses do ano para dar a coñecer a deliberación do xurado, composto polo presidente da institución provincial, un representante da Deputación, outro da Cámara de Comercio e tamén das universidades da provincia.

Con este premio, incluído dentro das accións de apoio a emprendedores do Plan de Emprego Local (PEL), o goberno provincial pretende "recoñecer e promocionar o traballo realizado polas empresas, emprendedores e autónomos e contribuír ao seu crecemento".

Asetem asiste á entrega do premio Liderazgo Empresarial

Feijóo, presidente da Xunta, Montes (Feiraco) e Fontenla (CEC)

O presidente de Asetem, Manuel Vázquez, asistiu en Oleiros á entrega do premio Liderazgo Empresarial, que cada ano outorga a Confederación de Empresarios da Coruña e que na súa décima edición recaeu en José Montes, presidente da Cooperativa Feiraco, "polo seu exemplo de empresario brillante, xestor eficaz e destacada participación no ámbito do asociacionismo".

Montes agradeceu "con agarimo" o premio e recordou as súas orixes, destacando que "o líder non nace, como se soe dicir, senón que se experimenta na humildade, na constancia, nos bos modos, na sinceridade e sobre todo no traballo en equipo ben feito".

O presidente de Feiraco aludiu á recente integración con Melisanto e Irmandiños e citou a industrialización da produción agraria e o incremento do tamaño das empresas como as dúas grandes tarefas que se han de impulsar.

POR SER DE XUSTIZA

Os dereitos dos detidos

Eva Novás
Avogada

Estamos acostumados a ver nas películas que cando unha persoa é detida, nese momento o axente lle recita unha serie de dereitos. Pero, ¿realmente coñecemos cales nosos dereitos se nos deteñen? Regúlanse na Lei de Axuizamento Criminal e é importante saber cales son, pois das primeiras actuacións pode depender o futuro do detido.

Para comezar, a detención debe facerse da forma menos prexudicial, evitando no posible danar o honor, intimidade e imaxe do detido. Debe existir un equilibrio entre a liberdade de información ó dar este tipo de novas e o respecto á imaxe da persoa, a fin de que non padeza unha "pena de telexornal" antes de ser xulgada.

Todo detido deberá ser informado por escrito, en linguaxe sinxela e na lingua que comprenda, dos feitos que se lle atribúen e das razóns da súa detención a fin de que desde ese intre poida preparar a súa defensa. Tamén deberá ser informado de maneira comprensible dos dereitos que ten desde ese momento: a gardar silencio, non declarando se non quere, e a contestar só ó que queira. Lembremos que estas primeiras declaracións poden condicionar por completo a defensa (por exemplo, se existen versións contradictorias). Asemade, o detido non ten que declarar contra si mesmo nin confesarse culpable. E ten dereito a ser asistido por un avogado da súa elección, facilitándolle comunicación telefónica con el, ou a que se lle designe un.

Tamén poderá pedir se lle comunique de inmediato a un familiar ou á persoa que desexe que está detido e o lugar onde o está. E poderá comunicarse telefonicamente coa persoa que elixa e en presencia dun funcionario de policía. Se o detido fose menor, informarase da detención ós que exerzan a súa patria potestade, garda ou tutela. No caso dun estranxeiro, poderá comunicarse coas autoridades consulares que correspondan e terá dereito a ser asistido de forma gratuíta por un intérprete cando non comprenda a lingua oficial, informándoo dos seus dereitos por escrito na lingua que comprenda. Tamén se se trata de persoas xordas, con discapacidade auditiva ou con dificultades de linguaxe. Por suposto, deberase velar pola saúde e a integridade física do detido, tendo dereito a ser recoñecido por un médico.

É fundamental a actuación e a asistencia do avogado tras a detención. Pois o avogado, ademais de esixir que se informe e se garantan os dereitos do seu defendido, estará presente nas dilixencias que se realicen: declaracións, recoñecementos, reconstrucción de feitos, podendo pedir que se fagan constar na acta as incidencias que se produzan. Ademais, o avogado poderá ter acceso ó atestado e ás actuacións e poderá entrevistarse de forma reservada e confidencial co detido. É moi importante saber que esta entrevista co avogado pode mantela xa antes de que se lle reciba declaración pola policía, o fiscal ou a autoridade xudicial. O asesoramento nestes momentos é decisivo e o detido deberá ser ben informado das consecuencias da súa actuación, tanto da súa declaración como da súa participación ou consentimento ás dilixencias que se practiquen.

Os nervios e a angustia tras unha detención son case inevitables, sexa cal sexa o motivo desta. Pero o máis recomendable é tentar manter a calma, evitar precipitarnos e actuar con prudencia só tras ser debidamente asesorados pois, como dicíamos, destas primeiras actuacións pode depender o éxito ou o fracaso de toda a nosa estratexia de defensa.

Eva Novás Mato
Avogada

Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE
Tlfs.: 981 50 72 18 / 662 30 26 18

Casa Juanito

Más de 100 años de prestigio y calidad

Especialidad en:

Pimentón *Legumbres*

Bacalao *Vinos* *Licores*

Gran surtido en cestas de navidad y baúles
Regalos navideños con productos conocidos y de prestigio

Mateo Segade Bugueiro, 39 - MELIDE / Tfno e Fax: 981 50 51 03 / casajuanito1910@gmail.com

"Nada cambiará, si tu no cambias nada"

GRUPO LUCASER SOLUCIONES ACADEMICAS CORPORATIVAS

C/Rosalía de Castro, 18 Bj
NEGREIRA

FORMACIÓN PRIVADA
Informática
Mecanografía

FORMACIÓN CERTIFICADA
CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDAD
Homologados por Xunta de Galicia y SEPE Nº1500002107

MÁSTERES UNIVERSITARIOS Oficiales
Homologados por UCAV - Universidad Católica de Ávila
Homologados por la Universidad Rey Juan Carlos

www.lucaser.es

FORMACIÓN REGLADA

CAP - Formación Continua 35 hrs.
Homologado por Xunta de Galicia 4019

MANIPULADOR DE ALIMENTOS
Homologado por Xunta de Galicia 543/GA

LEGIONELLA Formación personal higienico-sanitario
Homologado por Xunta de Galicia SA701A

BENESTAR ANIMAL / TRANSP. ANIMALES VIVOS
Homologado por Xunta de Galicia BA_90/15

FITOSANITARIOS Manipulador/Aplicador
Homologado por Xunta de Galicia ECMR_060/15

Masteres online

e-Learning
formación online
en cualquier momento y desde cualquier lugar

Más de 1500 cursos en catálogo

* Habilidades directivas
* Prevención de riesgos laborales
* Idiomas
* Gestión Económica y financiera
* Calidad
* Legislación
* Diseño gráfico
* Turismo y hostelería
* ...

981 886 151
981 886 228

EMPRENDEDORAS EN MELIDE

SONIA EDREIRA, "CARNICERÍA-SUPERMERCADO RÍO" *(Ronda de Pontevedra, nº 17)*

"Pensamos distribuír leite fresco traído directamente da nosa granxa"

Se hai cousa de tres ou catro anos lle din a Sonia Edreira que estaría á fronte dun supermercado, probablemente non o crería. Pero a vida está chea de casualidades e precisamente foi unha casualidade a que a levou a coller as rendas dun ultramarinos familiar de longa traxectoria que agora, baixo o seu temón, leva por nome Carnicería- Supermercado Río.

Todo comezou cunha conversa fortuíta cos donos orixinarios do negocio, que se traspasaba por xubilación. Como quen non quere a cousa a idea foi callando pouco a pouco e tanto Sonia como o seu marido acabaron por ver nela un bo complemento para a súa explotación gandeira, que xa abastecía de produto a carnicería do ultramarinos.

Dado o paso, o 9 de agosto púxose detrás do mostrador. Comezou daquela un proceso de aprendizaxe rápida e de adaptación: "para min era algo totalmente novo", declara Sonia, quen logrou suplir a falta de experiencia con moito empeño e dedicación. Pero en realidade xa tiña máis camiño andado do que a ela lle parecía, polo menos no que ao trato coa clientela se refire. Criada dende cativa na Ronda de Pontevedra, xusto enfronte do negocio que agora rexenta, moitas das persoas que mercan a diario na tenda son para ela caras coñecidas. Aínda así, recoñece, "a primeira semana non foi fácil, vinme moi saturada e houbo días nos que non me vía capaz".

Leite fresco e iogures

Eses días xa son pasado. Agora só toca pensar no enfoque que terá o negocio no futuro. Polo momento a aposta de Sonia pasa por manter "a mesma liña de antes", na que a carnicería segue a ser o referente dun establecemento no que tamén se venden froitas e hortalizas frescas, pan e todo tipo de produtos de alimentación.

Non obstante, a intención é comezar a distribuír no curto prazo leite fresco procedente directamente da súa propia granxa. "Pensamos que pode ter boa aceptación", explica Sonia, "fariámolo a través dunha máquina expendedora que o pasteuriza e despois poderiámolo embotellar nós ou ben a xente que queira traer a súa propia botella e enchela cada día". Ademais do leite tamén está pensando en facer iogures. O queixo fresco, elaborado á man ao xeito tradicional, xa é unha realidade. Pódese mercar por encarga.

AVOGADOS

Ana Pernas Vilasuso
C. 1678

Miguel Fernández López
C. 711

HERDANZAS

R/ Luis Seoane, 2 - 2º
Tlf.: 981 506 455 - 661 580 004

MELIDE

RESTAURANTE - PARRILLADA
PILMAR
Santa María - MELIDE (A Coruña)

CELEBRA CON NÓS A
CEA DE FIN DE ANO

MENÚ Nº 1
Ameixas á mariñeira
Langostinos á prancha
Merluza á cazola
Churrasco de tenreira
Postres caseiros:
Tarta de queixo, flan
e filloas con chocolate.
Prezo: 25€

MENÚ Nº 2
Gulas con gambas
Zamburiñas á prancha
Rape á cazola
Entrecot de tenreira á pimienta
Postres caseiros:
Tarta de queixo, flan
e filloas con chocolate.
Prezo: 30€

Ambos menús regados con Albariño cosecheiro,
Rioja crianza Señorío de Uñuela, cava Codorniu,
café e uvas da sorte.

SOLO CON RESERVA: 981 50 76 17 - 606 59 04 46

ESPECIALIDADE EN CARNE
E PESCADO Á BRASA

MENÚ DO DÍA

CEAS DE EMPRESA
XUNTANZAS DE AMIGOS
CUMPREANOS
BAUTIZOS
PRIMEIRAS COMUÑÓNS

Bo Nadal

fisteos & valiño
OBRAS E REFORMAS

Alfonso Fisteos
610 736 584

R/ Xosé Ramón Fernández Castro, nº 8 - baixo
15800 Melide (A CORUÑA)

alfonso@fisteosvaliño.com

www.fisteosvaliño.com

Xestión de proxectos e licencias
Reformas integrais de edificios
Reforma interior de vivendas
Cubertas
Fachadas
Instalación ascensores

Desexámoslles
Bo Nadal e feliz ano novo

casa alongos

Cocíña con corazón

Camiño Vello de Santiago - MELIDE
Tfno.: 981 506 392
Móbiles.: 619 229 334 / 686 312 851
www.casaalongos.com
info@casaalongos.com

OS NOSOS PRATOS DE CADA DÍA

- Hamburguesa de pulpo Casa Alongos
- Hamburguesa de Angus Black
- Croquetas variadas
- Raxo con patacas e pementos vermellos
- Secreto ibérico á grella
- Parrillada de verduras con ali oli de aguacate
- Tostas de pulpo con queixo de San Simón
- Hamburguesa "Veg-alongos" de legumes e verduras
- Cabaciños recheos sobre mix vexetal con salsa de iogur
- Pulpo á feira
- Zamburiñas á plancha

O COMER DA CASA

ESPECIAIS DECEMBRO (con reserva, para tomar ou levar)

BACALLAU EN MANTEIGA DE CÍTRICOS
EMPANADA DE PULPO E GRELOS
REDONDO DE CERVO CON CASTAÑAS E COMPOTA
TOSTAS 3 QUEIXOS CON AGUACATE E PERA
PESCADA EN PREBE VERDE
CREMA DE MARISCO
VIEIRA AO XEITO DA CASA
COELLO AO FORNO CON BOLETUS

intres FOTOGRAFIA

"Se sabes agardar, a xente esquecerase da túa cámara e entón a súa alma saírá á luz"
Steve McCurry

www. intresfoto.es
Tlf: 658 663 898 / 881 974 224
Avenida de Toques, 2

24H Bandua

ABERTO OS
365 DÍAS DO ANO

Pan fresco cada día, incluídos
o 25 de decembro
e o 1 de xaneiro

BO NADAL E FELIZ 2017

Rúa Irmandiños, nº 1 - Baixo - MELIDE
Tlf.: 981 505 526

A alcaldesa dá un golpe de autoridade e colle as rendas do conservatorio

Admite diferenzas de criterio coa dirección do centro
O PSOE critica a "incompetencia xeral" na xestión do asunto

O Conservatorio de Música de Melide vai recuperando lentamente o pulso tras iniciar as clases máis de dous meses despois do establecido pola lei.

As augas, non obstante, seguen sen estar calmas trala reestruturación de mestres, horarios e materias que "en aras dunha xestión pública eficiente" realizou o Concello de xeito unilateral e obviando o informe de necesidades que cada ano emite a dirección do centro. "Para min non ten sentido que se hai cero alumnos de gaita un informe me diga que hai que contratar un profesor de gaita", argumentou a alcaldesa, Dalia García, no último pleno municipal.

En resposta ás interpelacións do PSOE sobre o asunto, a rexedora admitiu que a xestión que ata agora se fixo do Conservatorio era mellorable: "dende logo que houbo profesores que daban horas que non eran necesarias", recoñeceu para logo engadir que "non se van contratar dous mestres de piano habendo quince alumnos".

Deste xeito a alcaldesa defendeu a reestruturación realizada que, asegura, se realizou "por responsabilidade" e en base a un estudo das materias e da matrícula. "Non vou admitir presións porque a miña proposta está conforme á lei", engadiu García, quen tamén asegurou que as materias se poderán seguir impartindo con normalidade. "Se non é así terá que dar explicacións a dirección do centro", sentenciou.

Batiburrillo de horarios

Pola súa banda os mestres saíron ao paso cun comunicado dirixido á ANPA do conservatorio no que alertan das consecuencias negativas que terán os cambios realizados na calidade do ensino e no que critican o "batiburrillo de horarios realizado por el ayuntamiento sin hablar con la dirección nin con el profesorado para ver si era factible".

O profesorado denuncia que se suprimiron dous mestres que superaran as probas para seren contratados e que se repartiron as súas materias entre o resto de profesores que, din, "no podrán impartirlas con solvencia". Sinalan ademais que "en numerosos casos de profesores" o Concello "no respeta las asignaturas que venían impartiendo", o que cualifican como "un despropósito" que afecta directamente "a la calidad de la enseñanza". Critican tamén a supresión das horas que algúns mestres empregaban para organizar actividades extraescolares, algo que se traduce, aseguran, na desaparición da Banda e do Coro Infantil.

Ruta musical do alumnado do conservatorio no S. Roque de 2014

En relación coa problemática do conservatorio o PSOE puxo o foco na "pésima xestión", na "incompetencia xeral" e na "falta de previsión" do equipo encabezado por Dalia García. "En 25 anos de conservatorio e 21 de goberno do PP tivestes tempo de tomar medidas", recriminou o voceiro dos socialistas, José Antonio Prado, "os nenos están a sufrir a túa incompetencia e a da concelleira de Educación".

O Instituto busca fotografías para ilustrar medio século de vida

O Instituto de Ensino Secundario de Melide cumpre este curso cincuenta anos de vida. Para conmemorar tan especial aniversario unha comisión integrada por persoal do centro, persoas que xa non traballan nel, así como concellos e outras entidades da comarca, está a traballar xa na organización dun conxunto de actividades que cristalizarán a vindeira primavera.

Entre todas esas iniciativas, que se darán a coñecer nos próximos meses, está a montaxe dunha exposición de fotografía na Casa da Cultura para resumir en imaxes o medio século de vida do centro. Co obxectivo de reunir o maior número de instantáneas posible, a comisión organizadora fai un chamamento á sociedade da comarca en xeral, especialmente aos ex-alumnos/as para que colaboren coa mostra achegando material gráfico.

As fotografías pódense achegar a través da dirección 50anosiesmelide@gmail.com ou da páxina de Facebook *50 anos do IES Melide*. Tamén é posible entregalas en depósito na secretaría do propio centro. Nese caso, explican dende a organización, "o material podería devolverse incluso no mesmo momento despois de ser escaneado".

Chegada do ensino medio

As orixes do actual IES remóntanse ao ano 1967 cando, tal e como reza a placa que se atopa a día de hoxe na entrada do centro, "na finca Nabal do Convento abría as súas portas aos estudantes de ensinanzas medias de Melide e zonas limítrofes o Colexio Libre Adoptado de Ensinanza Media de Grao Elemental mixto do Concello de Melide". O centro converteuse a partir do ano 1973 nun Instituto Nacional de Bacharelato, despois dunha breve época na que foi unha sección delegada do Instituto Xelmírez de Santiago.

Coa súa creación en 1967 o Estado cubriu unha necesidade educativa que ata daquela intentaron suplir os Padres Pasionistas e as Monxas de Nazaret.

Maior cobertura a dependentes

O servizo de axuda a domicilio do Concello de Melide poderá atender a partir de agora a nove persoas máis grazas a un incremento de 445 horas na axuda á dependencia que se custeará con cargo a unha liña de axudas da Consellería de Política Social. Ademais da incorporación deses nove usuarios, incrementarase o servizo doutros que xa estaban no sistema de axuda a domicilio e que agora pasarán a ser valorados como dependentes.

A concelleira de Servizos Sociais, Mª Jesús López Mourón, subliña a importancia destas liñas de axuda aos concellos "xa que as necesidades son moitas e é administración local a que debe cubrilas aliviando as familias".

3.000 euros para Cáritas Parroquial

O Concello e Cáritas Parroquial de Melide acaban de renovar por un ano máis o convenio en virtude do cal as dúas institucións colaboran na atención aos colectivos máis necesitados. A través de dito acordo, asinado pola alcaldesa e o párroco da vila, a administración concede unha axuda de 3.000 euros e Cáritas asume o compromiso de empregalos para causas xustificadas como a compra de alimentos, o pagamento de facturas ou outras cuestións de emerxencia xurdidas entre os colectivos desfavorecidos. O goberno local xustifica esta axuda en que Cáritas "é coñecedora de situacións sociais que sen a axuda da administración local non podería acometer".

O BNG pon fin á travesía no deserto coa toma de posesión dos novos edís

Xesús Pereira, Luisa Vázquez e Carlos Parrado, novos edís do BNG, na súa toma de posesión

O BNG volve ter representación no Concello de Melide. Xesús Pereira, María Luisa Vázquez e Carlos Parrado serán as caras visibles do nacionalismo local no que resta de mandato logo da súa toma de posesión como concelleiros o pasado 22 de novembro.

Coa incorporación destes novos edís o nacionalismo melidense inicia unha nova etapa e pon fin a 8 meses de travesía no deserto que tiveron a súa orixe na dimisión dos tres concelleiros que obtivo a formación nos comicios de 2015 e a posterior renuncia de todos os membros da candidatura a ocupar os postos vacantes.

Política construtiva

Os novos edís aproveitaron o pleno de toma de posesión para expresar a súa intención de "ser construtivos día a día e responder ao interese xeral ao que nos debemos". Nos mesmos termos se expresou a alcaldesa, Dalia García, quen tras darlles a benvida á corporación os convidou a "enriquecer o labor deste goberno facendo unha política construtiva".

Menos comedidos se amosaron os populares no momento en que se deron a coñecer os nomes que ocuparían os tres asentos vacantes no salón de plenos: "o BNG sorpréndenos con fichaxes de última hora logo de que toda unha lista dimitira, o cal mostra o pouco grao de compromiso dos militantes da formación co seu partido e con Melide", manifestaron publicamente. O PP tamén criticou que os novos edís non residan habitualmente en Melide e "militen noutros concellos".

Oito meses de tránsito

A crise que o BNG dá por superada comezou o pasado 7 de abril, cando Xosé Igrexas, ata daquela voceiro municipal, presentou a súa dimisión no rexistro do Concello. Como telón de fondo estaba a decisión dos seus dous compañeiros de filas, Xosé María Santín e Adrián Iglesias, de causar baixa como militantes do BNG e solicitar a súa permanencia na corporación como concelleiros non adscritos.

Ante este novo panorama, e tras recoñecer que o grupo municipal quedaba nunha situación difícil, Igrexas decidiu tirar a toalla logo de cinco anos como líder do BNG local argumentando que non sería quen de seguir desempeñando "ao cento por cento" os eu papel de concelleiro. Días máis tarde Xosé Mª Santín e Adrián Iglesias presentaban tamén a súa dimisión como edís logo de que a dirección nacional do BNG reivindicase como propias do partido as actas de concelleiro e os obrigase a cumprir o seu código ético.

Posteriormente as 15 persoas que os acompañaban como candidatas nas listas do BNG ás eleccións municipais renunciaron a substituílos.

Un ano máis sen novo ambulatorio

A veciñanza de Melide terá que agardar, como mínimo, outro ano máis para estrear novo centro de saúde, unha das infraestruturas máis necesarias na vila, que aparece como proxecto estrela cada campaña electoral pero que non acaba de recibir o empuxe definitivo que o faga realidade. Os orzamentos da Xunta para 2017 reservan unha partida de 450.000 €, insuficientes para avanzar na súa construción. Segundo o goberno local empregaranse para sufragar a contratación da primeira fase de obras. Este é o quinto ano que os presupostos autonómicos contemplan unha partida para o ambulatorio melidense. Só se executou a do exercicio pasado; 300.000 € cos que se custeou a redacción do proxecto.

Muros contra a violencia de xénero

Arte urbana para chegar ás conciencias. Un muro céntrico de Melide lucirá en breve unha pintada a favor da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. O debuxo que se plasme será o que resulte gañador do concurso de graffiti contra a violencia de xénero que organizou a concellería de Igualdade e Benestar entre o alumnado da ESO e Bacharelato con motivo do 25N. O obxectivo é que a xente nova "se vaia concienciando da importancia de ter unha sociedade máis xusta e libre".

A nova iluminación permitirá un aforro do 35% na factura

O Concello vén de facer un investimento próximo aos 24.000 euros na iluminación pública da Avenida de Lalín e da Rúa San Cosme que, segundo estimacións do goberno local, permitirá un aforro do 35% na factura da luz para esa fase.

A actuación realizouse grazas a unha subvención do Instituto Enerxético Galego e permitiu, ademais, "mellorar considerablemente a visibilidade na AC-840, no contorno do centro de saúde e na parte do barrio de Don Vicente que quedaba por rematar".

Co cambio da tecnoloxía de iluminación existente nestas rúas por outra máis eficiente e menos contaminante deuse continuidade ao proxecto de eficiencia enerxética iniciado en 2015.

Sobrado explora en *Sentir do Norte* as potencialidades do Camiño

O número de peregrinos que pasan polo concello, unha media de 55 cada día, aumentou un 10% no último ano

Sobrado ten no Camiño do Norte un recurso cun potencial inmenso para a dinamización económica e social do municipio. Consciente diso, especialmente dende a declaración desta ruta como Patrimonio da Humanidade en 2015, o goberno local está a dar pasos para convertela nun dos piares nos que se apoie o desenvolvemento do Concello no futuro.

Unha das primeiras pedras desta estratexia colocouse o pasado 1 de decembro coa celebración de *Sentir do Norte*. Así foi como se bautizou a xornada "de aprendizaxe común" que acolleu o Mosteiro de Santa María coa intención de adquirir coñecementos sobre o Camiño a través do debate e da experiencia dos relatores participantes. En definitiva, o obxectivo final do evento foi achegar ideas e dar a coñecer as múltiples oportunidades de negocio dunha ruta en auxe e insuficientemente explotada, polo menos no que ao concello de Sobrado se refire.

55 oportunidades diarias

Os números dan fe do potencial do Camiño do Norte, que xunto co Portugués "é o que máis pulo está a ter", asegurou o experto en turismo xacobeo Ramiro Oliveira, xerente de wayandgocompostela.com e relator encargado de inaugurar a xornada. Así o certifica o incremento do 10% durante o último ano no número de peregrinos que se decantaron por esta ruta. Aínda así hai moita marxe para o crecemento pois en 2015 foron 15.826 os romeiros que fixeron o Camiño do Norte, o que representa só o 6% do total.

Segundo os datos expostos por Ramiro Oliveira, no que vai de 2016 pasaron por este itinerario unha media de 55 camiñantes diarios, con picos de 143 diarios e 121 nos meses de agosto e xullo respectivamente. "Cada un deles é unha oportunidade", destacou o relator para engadir a continuación que cada peregrino gasta de media no Camiño do Norte 670 euros durante os 21 días que por regra xeral lles leva completar a ruta, que no seu tramo galego consta de 198 quilómetros dende Ribadeo ata Compostela. Botan de menos unha mellor sinalización e demandan máis fontes, máis prazas en albergues e que se adapten a eles os horarios comerciais.

Víctor Cabanas, técnico de Turismo, e Lisardo Santos, alcalde

Un dos datos nos que fixo fincapé Oliveira foi no 75% de peregrinos que non se desvían do Camiño: "hai que facilitar servizos para que visiten lugares diferentes e queiran coñecer os nosos monumentos e os nosos pobos". Ese é un dos grandes retos do futuro. Tamén "conseguir que se queden" e crear unha marca propia para o Camiño do Norte.

Ademais de Oliveira na xornada tamén participaron como relatores Isabel Pernas, creadora da marca galega de produtos artísticos Quenindiola, e Manuel Gago, xornalista e director da web culturagalega.org. Entre os asistentes estiveron os alcaldes de Santiso, Toques, Curtis, Boimorto, Mesía e Guitiriz.

Propoñen crear unha balsa antiincendios nunha masa abandonada en Santiso

A miúdo dos procesos de concentración parcelaria só derivan vantaxes, pero a realizada na parroquia de Ponte Arcediago, en Santiso, deixou tras de si un problema que trae de cabeza aos veciños da aldea de Souto e que o Partido Popular vén de poñer de novo enriba da mesa para instar ao executivo local (BNG-PSOE) a que busque unha solución.

Trátase dunha masa común cunha extensión aproximada de dous ferrados e localizada no lugar popularmente coñecido como As Curvaceiras na que nace e se acumula a auga de xeito natural durante todo o ano. Esta circunstancia dificulta enormemente a súa limpeza e crea as condicións perfectas para que a vexetación medre sen control e se críen nela todo tipo de alimañas a escasos cen metros das vivendas.

A última ocasión na que os operarios municipais realizaron labores de desbroce foi no verán de 2014, aproveitando o tempo seco, e aínda así a maquinaria enterrouse. "Sabemos que é complicadísimo de limpar mesmo no verán e no inverno case imposible, pero o ano ten 12 meses e algo hai que facer", sinala a voceira dos populares de Santiso, Matilde Pallares, quen asegura que os veciños da aldea "están dispostos a colaborar" se fose preciso rozar de xeito manual para manter limpa a parcela.

Construír unha balsa

A problemática non é nova, pero saltou outra vez á actualidade logo de que o mes pasado unha vaca quedase espetada no brañal. "Ao final foron tirando por ela e deu saído pero xa estaban dispostos a coller o tractor para sacala", conta Matilde Pallares, quen alerta tamén do risco que supón para as persoas: "vas camiñando por alí e non sabes se pisas en firme ou pisas sobre a auga".

Matilde Pallares, voceira do PP, esixe unha solución para a masa común de Souto

A raíz deste último episodio o grupo municipal do PP solicitoulle ao equipo de goberno que rescate a idea de empregar dita masa común para, aproveitando o desnivel natural do terreo e cunha infraestrutura mínima, se constrúa unha balsa de auga na que poidan abastecerse os helicópteros durante a época de incendios forestais.

Dita proposta xa lle foi trasladada tamén ao executivo local no mandato pasado e intentou levala a cabo o PP durante a súa etapa de goberno (2007-2011). "Iniciamos os trámites coas consellerías do Medio Rural e de Medio Ambiente pero coincidiu coas eleccións municipais e quedou todo paralizado", explica a voceira dos populares, "aparentemente nos últimos cinco anos non se fixo máis presión".

Á maleza da masa común súmase a doutras tres parcelas contiguas de propiedade privada cuxos propietarios tampouco limpan. Dende o PP de Santiso pídenlle ao goberno local que actúe con maior contundencia: "sabemos que se enviaron comunicados pero as persoas facemos caso cando queremos. Vaise esquecendo o tema e como non hai ningún tipo de sanción, deixan as fincas a monte. Isto non é un capricho, as casas están ao lado e para os que vivimos aquí todos os días é un tema complicado".

Visantoña reclama apoio institucional para a banda no seu 140º aniversario

A Deputación compromete unha axuda de 22.500 €

2017 vai ser especial para a Banda de Música de Visantoña, a máis antiga de Galicia, pois será o ano en que se celebre o 140 aniversario da súa fundación. Con tal motivo a asociación que lle dá soporte e o goberno municipal están a traballar xa conxuntamente na planificación das actividades que realizarán nos vindeiros meses.

Nesa programación inclúese tamén a busca do apoio económico e institucional necesario para garantir a viabilidade futura da banda e da súa escola, comprometida constantemente por falta de recursos. A ese obxectivo responde a visita que a vicepresidenta da Deputación e responsable da área de cultura, Goretti Sanmartín (BNG), realizou a Visantoña o pasado 18 de novembro.

Sanmartín cumpriu deste xeito a promesa realizada o pasado mes de febreiro cando, no transcurso dunha visita oficial á Deputación, membros do executivo local a convidaron a coñecer de primeira man o funcionamento da formación musical e as súas necesidades. A vicepresidenta provincial asistiu aos ensaios da banda e previamente, nun encontro con concelleiros e coa xunta directiva, confirmou a axuda de 22.500 euros que a Deputación, vía subvención, lle concederá en 2017 á Asociación Banda-Escola de Música de Visantoña.

A vicepresidenta da Deputación, ao fondo, nos ensaios da banda

Esta cantidade, superior á de anos anteriores, obedece á "ocasión excepcional" que representa o 140º aniversario, apuntan fontes do goberno local, "aínda que nos gustaría que se mantivese no futuro este mesmo nivel de financiamento". Á marxe da cuestión económica que, aseguran, resulta "fundamental", dende o Concello tamén se lle pediu á Deputación maior apoio institucional para a banda co obxectivo de dala a coñecer alén das fronteiras da comarca a través de concertos ou publicacións: "queremos que se conte con nós".

Estrea no certame galego de bandas de música

Como preludio á celebración do seu 140º aniversario, a Banda de Música de Visantoña deu un concerto no Auditorio de Galicia, en Compostela, o pasado 26 de novembro. Foi con motivo da celebración do X Certame de Bandas de Música de Galicia, no que a formación de Santiso participou por primeira vez xunto con outras catorce bandas das catro provincias.

O certame, que ganou na sección primeira (agrupacións con máis de 70 músicos) a Banda de Meaño, foi clausurado polo Conselleiro de Cultura. Román Rodríguez aproveitou a ocasión para anunciar que o seu departamento recuperará as subvencións específicas para as escolas de bandas de música que foran suprimidas, unha decisión que xustifica en que tanto este tipo de agrupacións como os conservatorios locais representan o inicio "dunha preparación de excelencia que fai que os músicos e as músicas galegas sexan reclamados alén da nosa terra".

Actuación da Banda de Visantoña no Auditorio de Galicia

A de Compostela non foi a única actuación dos de Visantoña nos últimos tempos. O pasado 4 de decembro actuaron na Coruña e o vindeiro 16 de decembro volverano facer no marco do Festival de Nadal de Santiso. O concerto será ás 21:00 no local de O Noso Lar.

Alta cosmética saída da Ulloa a partir de leite e herbas ecolóxicas

Na beira da porta temos recursos naturais que nos ofrecen miles de posibilidades. Sábeo ben un grupo de mulleres emprendedoras da comarca da Ulloa que levan anos facendo das plantas e do leite ecolóxico o seu modo de vida. Agora as responsables da Cooperativa Milhulloa (Carmela, Anxos e Chusa) e de Granxa Maruxa (Marta e María) unen a súa forza e o seu enxeño para sacar ao mercado a primeira crema corporal natural fabricada en Galicia e con produtos galegos.

Muuhlloa é o nome deste produto no que traballaron preto de dous anos e que ten entre os seus principais ingredientes o leite ecolóxico de vaca (40%) e o oleato de milfollas (10%), tamén coñecida como herba dos carpinteiros. A isto súmase unha variedade de alga traída directamente da ría de Vigo. A elaboración realízase no laboratorio Juvenor do Carballiño. Muuhlloa ten ademais a particularidade de ser unha das poucas cremas do mercado feitas con leite puro e non con proteína de leite, como acostuma a ser habitual.

Óscar Cela

A Deputación reúne nun só plan todas as súas achegas aos concellos

O goberno provincial vén de presentar o Plan Único de Concellos, o programa de investimentos para 2017 nos 93 municipios da Coruña que unifica todos os existentes ata agora (POS, PAS, PAI), incluídas 11 liñas de subvencións. Este plan, dotado con 74 millóns de euros, outorgaralle aos municipios unha maior autonomía á hora de decidir o destino dos fondos que reciben da entidade provincial, ao tempo que simplificará a tramitación administrativa e lles permitirá planificar con máis facilidade os orzamentos de 2017. O presidente da Deputación, Valentín González Formoso, cualificou de "momento histórico" a aprobación dun plan que "cambia enormemente" a relación cos concellos e "a favor do que votarían todos os alcaldes da provincia".

PLAN ÚNICO DE CONCELLOS 2017

Concello	Plan Obras 2016	Plan Único 2017
Melide	277.674 €	1.027.394 €
Sobrado	187.892 €	695.203 €
Santiso	160.502 €	593.858 €
Toques	140.854 €	521.160 €

SANOGUERA
fotografía, arte y diseño
SANOGUERA FOTOGRAFÍA · CITA PREVIA · ASETEM
Tel. 622 222 810 · www.sanoguera.com

Dis.fruta Galicia estrea tenda no corazón de Melide e, como o propio nome do establecemento indica, os clientes da comarca están chamados dende agora a gozar cos sabores e as texturas da mellor froita fresca de calidade.

José González e Alberto Seoane, cuarta xeración dunha estirpe de froiteiros, pilotan este novo proxecto empresarial dende a experiencia de toda unha vida implicados no sector. Sobradamente coñecidos na contorna, coa apertura deste punto de venda fixo na Ronda da Coruña ábrennos de par en par as portas dunha alimentación saudable e variada.

NOVA FROITERÍA EN MELIDE, (Ronda da Coruña, 18) Dis.fruta Galicia

Espectacular festa a que se viviu a fin de semana do 2 e 3 de decembro en Infinity con motivo do seu primeiro aniversario. Un ano compartindo momentos inesquecibles coa mocidade da comarca. Un ano facendo grande a movida de Melide

Bar Cantón

CAMPIONATO DE TUTE
Decembro 2016

HOTEL BALNEARIO
RIO PAMBRE

Banquetes y celebraciones de empresa
Navidad 2016

VILARIÑO (SAMBREIXO) - PALAS DE REI - LUGO
TELF: 982 153 232 / 679 035 713
www.balnearioriopambre.com

IMPRENTA
Meligraf

Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu

Chiquitín

San Antón, nº 18
MELIDE

A parada no teu Camiño
Telf.: 981 815 333

chiquitinmelide

www.chiquitinmelide.es
info@chiquitinmelide.es

CEAS DE NADAL E EMPRESA

Menú 1

Navallas
Langostinos
Mexillóns
Ameixas
Lombo de porco ou salmón

27 €

Menú 2

Gambas ao alliño
Pulpo á feira
Croquetas caseiras
Codillo ou merluza

20 €

TEMOS MÁIS MENÚS!
INFÓRMATE!

(Inclúen: viño branco, tinto, sobremesa e chupito)

MICROAUDIO
CENTROS AUDITIVOS DE MULTIOPTICAS

Si te tienen que hablar así...
quizá deberías revisar tu audición.

Solicita tu **REVISIÓN GRATUITA**

PVP recomendado. Hasta el 31/12/2016 llévate dos gafas (montura mó + lentes) con lentes graduadas monofocales orgánicas antirreflejantes Beslayt 1.5 AR, cilindro + 2, esfera + 2 a - 4 por 97€. Ambas gafas con la misma graduación. Válido para una selección de monturas mó señaladas en el establecimiento que lo publicite. No acumulable a otras ofertas o promociones.

2 gafas mó
graduadas
con antirreflejante
97€

Más de 1000 modelos

mó
:diseñadas para vivirlas_sólo en **MULTIÓPTICAS**

Ronda de A Coruña, 20
T. 981 505 199
*15800 **Melide** • A Coruña*

www.multiopticas.com

MULTIÓPTICAS
Tabora

REXCE ÓPTICA: E-15-001238
REXCE AUDIO: E-15-001241

A maxia imponse á polémica

Aforo completo en todas as galas do Festival de Maxia de Melide, marcado pola controversia sobre un show erótico

Non houbo truco capaz de facer desaparecer a polémica que envolveu este ano o Festival de Maxia de Melide dende o mesmo día da súa presentación en sociedade. Foi precisamente un dos carteis promocionais o que fixo saltar a lebre da chisteira ao anunciar un espectáculo de maxia erótica baixo o lema *"yo pongo la varita y tú pones el conejo"*, dando así inicio a un debate sobre as connotacións machistas do mesmo e a conveniencia de incluír un show de temática erótica nun evento sufragado con fondos públicos.

A vicepresidenta da Deputación da Coruña, entidade que financiou o festival xunto co Concello de Melide, non tardou en saír ao paso para desvincular a institución provincial dun espectáculo que considerou pouco axeitado para a súa rede cultural e que cualificou de "non procedente". Indo máis alá, Goretti Sanmartín (BNG) telefonou á alcaldesa para solicitarlle que destine os fondos da Deputación a financiar outro tipo de espectáculos.

Pola súa banda, o goberno popular de Melide reaccionou con sorpresa: "tan retrógrados somos? Tan hipócritas nos estamos volvendo?", manifestaron a través das redes sociais do partido. Dende o mesmo foro expresaron que "haberá para todos os gustos pero abráianos cando menos a hipocresía da sociedade na que vivimos se como mulleres nos sentimos ameazadas, desgustadas ou tan sequera molestas por este cartel divertido que convida a disfrutar dun espectáculo artístico para adultos".

Éxito de público

A polémica, non obstante, tivo máis calado nas esferas institucional e mediática ca entre a veciñanza de Melide, que se pronunciou sobre a controversia enchendo o patio de butacas da Casa da Cultura en todas e cada unha das galas que se realizaron nos tres días que durou o festival. Tamén o show de maxia erótica de Davil el Mago colgou o cartel de aforo completo.

Polo Festival de Maxia, que vai pola súa cuarta edición, pasaron nove magos, algúns de renome internacional. Ofreceron espectáculos gratuítos para todos os públicos, con actuacións na Casa da Cultura, maxia de preto na rúa e obradoiros para os máis cativos.

Arriba, espectáculo de maxia erótica. Abaixo, maxia infantil

A ourivería dálle paso á numismática nas exposicións temporais do Museo

O Museo da Terra de Melide permítenos descubrir aos poucos algunhas das coleccións máis valiosas que alberga o Museo Provincial de Lugo. Se o pasado novembro acolleu unha mostra sobre as pezas de ourivería antiga que se expoñen na galería luguesa, este mes fai o propio coa colección numismática do centro, na que destacan 1.207 moedas romanas de diferentes épocas do imperio.

A mostra, que xa se pode visitar, está composta por varios paneis informativos e tivo como punto de arranque unha conferencia impartida polo doutor Enrique Alcorta, técnico do Museo de Lugo experto en numismática. Ao longo de algo máis dunha hora a en clave didáctica, Alcorta disertou sobre a evolución da moeda ao longo da historia facendo fincapé no seu extraordinario valor como documento histórico.

Deste xeito, e grazas as súas inscricións, as moedas permitiron saber quen gobernaba as cidades da actual Galicia na época imperial romana, cales foron os períodos de auxe ou crise económica, con que puntos da xeografía peninsular había relacións comerciais e mesmo cales eran as modas de peiteado e xoiería da época. Sen ir máis lonxe, grazas ás moedas atopadas nas bases da muralla de Lugo, da época do emperador Galieno, púidose fixar a data de inicio da súa construción.

Á charla asistiron só tres persoas, un feito que o museo lamentou: "non lle temos que facer, publicouse en distintos medios pero non conseguimos atraer a máis asistentes".

O Museo lamentou a escasa afluencia á charla sobre numismática



Arrieros pon en valor antigos apeiros de labranza e oficios tradicionais

A etnografía e a memoria dos tempos pasados tamén son cultura, e como tal cómpre preservalas e difundilas. Precisamente a iso está dedicado un pequeno espazo do concello vello de Santiso, na parroquia de Arcediago, que estes días acolle unha exposición composta por un cento de pezas entre as que se atopan apeiros de labranza e ferramentas antigas de oficios tradicionais.

A mostra foi realizada pola asociación local *Arrieros: Amigos del Camino de Santiago*, que popularmente é coñecida por organizar a Festa do Río pero que paralelamente, dende a súa fundación no ano 2008, foi facendo un labor constante de recollida e restauración de pezas antigas ata xuntar un número suficiente como para poder expoñelas. Fusos, tixolas para cociñar na lareira, un pelexo de coiro no que os arrieiros transportaban o viño, un queimador de alcohol empregado no consultorio médico para desinfectar as agullas, luces de gas e de carburo, a réplica dun carro en miniatura ou unhas tesoiras para abrir as latas das sardiñas son algunhas das pezas que se poden ver.

Cada unha está identificada co seu correspondente nome. Integran tamén a exposición uns paneis informativos nos que se explica, por exemplo "como se evolucionou do carro ao tractor ou da gadaña á rotativa pasando pola segadora", indican dende a asociación.

Non obstante, non hai mellor maneira de comprender para que servían e como se usaban ca escoitándoo directamente de boca de quen no seu día as empregou. Esa sorte tívoa o alumando de primaria do colexio de Santiso, que a principios de mes realizaron unha visita á mostra e tiveron como guía a un veciño do municipio que traballou como latoeiro e ferreiro. Del aprenderon a diferenciar as partes dun xugo, como se cravuña unha gadaña ou como se afían os dentes dun serrucho. "Foron dúas horas que non chegaron a nada; ao principio viñeron tímidos pero logo remataron emocionados", aseguran membros da asociación *Arrieros*.

A mostra é permanente pero desmóntase en ocasións puntuais, pois o edificio acolle numerosas actividades, con momentos de moito tránsito de xente, e para *Arrieros* a conservación e salvagarda das pezas é unha prioridade. A maioría delas foron cedidas por veciños de Santiso e mesmo de Agolada e Vila de Cruces: "chegamos alí ata onde soubemos que había unha persoa que nos podía resultar útil".

Vista xeral da mostra. Arriba, visita do alumnado de Santiso

O maratón de fútbol solidario logra reunir preto de 3.000 kg de alimentos

Melide nunca defrauda, especialmente cando de colaborar se trata. A vila amosou de novo a súa cara máis solidaria implicándose de cheo no torneo escolar de fútbol sala que organizou por primeira vez o Concello en colaboración con Cáritas co obxectivo de recadar alimentos para unhas cincuenta familias con necesidades.

A competición solidaria tivo lugar no polideportivo municipal, onde se disputaron de xeito ininterrompido quince encontros, dende as dez da mañá ata as oito da tarde. Como protagonistas, os nenos e nenas das categorías inferiores do CIRE, das Escolas Deportivas, do Melide Fútbol Sala, do Cidade das Burgas e do Lugo Fútbol Sala. A maiores os adestradores, os árbitros, voluntarios de todas as idades, pais, nais e o público asistente. En definitiva, toda unha vila involucrada nunha causa común que permitiu xuntar case tres toneladas de alimentos non perecedoiros e produtos de hixiene que Cáritas se encargará agora de distribuír.

Vitoria brillante de Nerea Iglesias

Escuela Ayude volveu conseguir outra medalla histórica para o club. Desta volta de man de Nerea Iglesias, que se proclamou en Madrid campioa do primeiro ranking nacional M14 de esgrima a arma espada. Fíxoo ademais con grande solvencia e seguridade, pois só recibiu dous tocados dos 35 posibles e xa na poule se situou no primeiro posto para non deixalo ata o final.

Risas servidas no *Menú da fala*

Voaron as entradas para asistir en Melide ao *Menú da fala*, o espectáculo humorístico de homenaxe á lingua propia co que Carlos Blanco e Luis Davila conseguiron render ao público que ateigou a Casa da Cultura o pasado 27 de novembro. A actuación enmarcouse na programación do Outono Cultural da Deputación, que tamén trouxo á vila representacións sobre Castelao e as Irmandades da Fala.

MIS MEJORES LABORES

Tlf.: 981 50 90 85

Ronda da Coruña, 38 - MELIDE

Agasallos de Nadal

* Puericultura * Lencería

* Infantil * Mercería

GRAN EXPOSICIÓN DE SOFÁS

ELECTROSAN

C/ Martagona, 13

MELIDE

981 50 79 64 - 662 55 11 16

electrosanmelide@gmail.com

La economía circular

Minia Varela, autónoma

Término que para muchos puede resultar novedoso, del cual se lleva hablando en la Unión Europea al menos desde hace unos años y en el que los países tienen puestas sus esperanzas de desarrollo. Muchos ya aventuran que la competitividad de Europa dependerá de su capacidad para utilizar recursos de forma eficiente. A esto nos referimos fundamentalmente cuando hablamos de "economía circular": ahorrar recursos y crear empleo. Esto supone crear un marco político adecuado, analizar nuevos modelos empresariales, empleo verde, ecoinnovación, producción eficiente, digitalización del mundo...

La Economía Circular rompe los paradigmas que limitan la innovación y el emprendimiento, creando empleo local y el uso compartido de servicios. Combina el conocimiento especializado, generando beneficios en todos los niveles: clientes, empresas y sociedad en su conjunto, ya que genera una nueva visión del mundo al reutilizar, reparar, regenerar y preservar los recursos naturales del país. Esto abre nuevas oportunidades de "repensar el progreso".

No hay lugar para los residuos. Tenemos que abandonar la cultura de usar y tirar y cambiar hacia un modelo más circular que reduzca los residuos y los convierta en recursos. El actual modelo económico lineal de extracción, producción y desecho, extrae cerca de 65.000 millones de toneladas de materia prima al año. Según el Foro Económico Mundial, un 80% de ésta acaba como residuo, lo que representa una pérdida irrecuperable de 2,6 trillones de dólares cada año.

La Fundación Ellen MacArthur, establece que la economía circular podría ahorrar a los fabricantes europeos cerca de 630 mil millones anuales para el año 2025 en los costos de material, que también conduce a la creación de más de dos millones de puestos de trabajo. Por otra parte, el Think Tank "Club de Roma" publicó un estudio que afirma que las emisiones de carbono podrían reducirse hasta en un 70% si se adopta la filosofía de este nuevo modelo.

Para llegar a buen puerto, todos debemos de implicarnos en la necesaria transición de una economía lineal a otra circular. Es posible y ocurrirá, es inevitable y debemos de empezar ya, antes de que no nos quede más remedio.

Propósito de Ano Novo

Iria Buxán, politóloga e emprendedora

Alá polo ano 2006 e no glorioso momento da comunicación da concesión da miña primeira bolsa ERASMUS, exclamaba pletórica polos recunchos: "-Marcho a Braga!-" Así que todo o mundo respondía coa mesma intensidade: "- A Praga? Qué ben!-" E eu, sen perder un ápice de entusiasmo, aclaraba: "-Non! A Braga!-". Certo é que o meu segundo ERASMUS se desenvolveu en Praga, mais iso xa é outra historia. E alá marchei co coche prestado dos meus pais que ía co maleteiro ateigado de cousas e eu, chea de ilusión. Ao chegar, fun á oficina de relacións internacionais e coñecín a unhas rapazas do norte de Portugal coas que practiquei un pouco o meu galego-portugués e aí chegou o primeiro falso amigo (mesmas palabras con distinto significado): "-Queres vir jantar connosco?-". Eran as 17h, e entre outras cousas, Portugal é coñecido por ter horario europeo, así que exclamei: "-Mas ainda não jantaram?-" Claro, o que nós chamamos xantar é para eles cear. Así que, nas miñas primeiras horas non só fun jantar senón que tamén bebín as miñas primeiras minis da Sagres esa noite.

Durante os meus estudos de relações internacionais aproveitei para profundizar nos vencellos históricos e comerciais de Galiza e Portugal e nas relacións e idiosincrasia das diferentes rexións ao longo da fronteira, da raia. Aquel ano espertou en min un grande interese por todo o que acontecía alén fronteiras e deu inicio a unha boa volta por Europa nos anos sucesivos. Desde entón vivín e viaxei por culturas máis próximas e máis distantes á nosa desde un profundo respecto e con moitas ganas de aprender. Todas as experiencias vividas foron conformando quen eu son agora. Viaxar é sempre unha gran experiencia e acostuma ser moi satisfatoria, se ben, non fai falla viaxar lonxe para viaxar, fai falla ter vontade de explorar e conectar co mundo e cun mesmo. Así que, próposito de ano novo: sair un pouco máis da rutina e dar unha volta fóra dos espazos habituais.

Centenario das Irmandades da Fala (1916–2016)

César C. Vega, investigador

Estamos diante das primeiras organizacións políticas que elaboraron e asumiron a conceptualización de Galicia como nación. Este ideosistema articúlase con ideoloxías vellas (tradicionalismo, socialcatolicismo, liberalismo e rexeneracionismo) e outras novas como os irracionalismos e o marxismo. Na xestación das Irmandades interviron factores internos (o esmorecemento de Solidaridad Gallega, o proceso de castelanización, o caciquismo, o turnismo, etc.) e externos como o auxe do catalanismo e do *bizkaitarrismo*, os adiantos na independencia irlandesa e a 1ª Guerra Mundial que ía acompañada da irrupción de pequenas nacionalidades, por exemplo Polonia e Finlandia.

A articulación do nacionalismo recibiu diversas ideoloxías de base e unha determinada modulación. Como ben sinala Beramendi, en *De provincia a nación* (2007), contamos con subsistemas maiores (nacionalismo neotradicionalista–católico e nacionalismo democrático, os dous de corte federalista) e menores (nacionalismo arredista e nacionalismo filosocialista, este último de tipo federalista).

A xeira das Irmandades experimentou diversas xuntanzas:

1) Da 1ª Asemblea (Lugo, 1918) témo–lo texto *Ao pobo galego. Manifesto da asambleia nazonalista de Lugo*. Nel bosquexábase un sistema político–institucional galego alicerzado nun Parlamento, escollido por sufraxio universal e sistema proporcional; unha Xunta, e un poder xudicial totalmente independente. Reivindicaba a igualdade de dereitos para a muller, a normalización da cultura galega, a posta en marcha dunha política librecambista e a priorización estratéxica dos eidos agropecuario e forestal. Outros obxectivos destacados eran a autonomía integral para Galicia dentro da futura Federación Ibérica, a desaparición das Deputacións Provinciais e o recoñecemento da parroquia como entidade xurídico–administrativa.

2) A 2ª Asemblea (Santiago, 1919) aprobou 38 conclusións coincidentes maioritariamente co manifesto lucense. Algunhas delas eran a redención dos foros, a construción de casas baratas e a creación de Escolas Agrícolas.

3) Na 3ª Asemblea (Vigo, 1921) agromaron os desacordos entre o sector coruñés e o ourensán. Con todo, acordaron afondar nas relacións con Portugal, organizar unha asemblea de nacionalistas ibéricos na Coruña e crear comisións para estuda–lo problema agrario e a unificación da lingua.

4) A 4ª Asemblea (Monforte de Lemos, 1922) contaba cun regulamento feito por Vicente Risco que reflectía un sistema de representación non proporcional. Esta acción conlevou consecuencias; a eliminación do predominio coruñés e a ruptura das Irmandades.



Antón Villar Ponte, autor do ensaio titulado *Nacionalismo gallego. Nuestra afirmación regional* (1916)

Por último, entre as 21 agrupacións do período 1916–1918 figura a de Melide, unha incógnita sen resolver á espera dunha obra de recuperación.

LAURA BLANCO E MARCOS PAMPÍN, XANELA OCIO E ANIMACIÓN

“Gústanos que as actividades teñan un fondo e sirvan para transmitir valores”

Xanela Ocio estaba destinada a existir. Estívoo polo menos dende aquel momento do ano 2008 en que Laura Blanco e Marcos Pampín se coñeceron mentres traballaban como monitores nunha granxa-escola e compartían sen sabelo o desexo de crear o seu propio proxecto no sector do ocio e da animación. Non fixo falta nada máis ca verbalizalo. A boa sintonía entre eles, o esforzo e a constancia fixeron o resto. Comezaron de cero e os primeiros pasos non foron doados. Oito anos despois, aseguran, “sentímonos orgullosos porque partindo da nada temos unha empresa con recursos e que traballa moito.

- A súa empresa ofrece un catálogo de actividades inmenso. Hai algunha que descoñezamos e que nos poida sorprender?

-Marcos Pampín (M.P.): A xente sabe que facemos animacións en banquetes, vodas, comunións... pero igual o que non sabe é que tamén facemos espectáculos para pavillóns, animación de rúa, caracterizacións, que organizamos excursións e actividades de aventura, obradoiros específicos orientados ao rural como cestería e elaboración de queixos, ou que xa levamos percorrido case todas as bibliotecas de Galicia facendo contacontos... A verdade é que facemos tantas cousas que sería imposible enumeralas de memoria. Todas están recollidas na nosa web www.xanelaocio.com para quen queira botarlles unha ollada.

Laura Blanco e Marcos Pampín, socios de Xanela Ocio, caracterizados para un espectáculo

“Renovamos o catálogo cada ano e buscamos sempre a forma de sorprender ao cliente”

“Traballamos para todo tipo de público, dende particulares ata asociacións e concellos”

-Laura Blanco (L.B).: Traballamos para o público en xeral, dende particulares ata asociacións e concellos. Estamos abertos a calquera persoa ou entidade que queira gozar coas nosas actividades e aínda que partimos dunha serie de propostas, adaptámonos ás necesidades dos clientes.

- Non hai dúbida de que a imaxinación é un dos seus principais activos...

-L.B.: Si, pódese dicir que vivimos da imaxinación e da creatividade. Agora mesmo se queres destacar un pouco do resto e que che vaia ben na empresa, sexa neste sector ou en calquera outro, tes que marcar a diferenza en canto aos produtos que ofreces.

-M.P.: Algo do que presuminos, e que intentamos facer sempre, é non limitarnos simplemente a ofertar actividades. Gústanos darlles forma e dotalas de contido. Non vendemos só produtos e tempo de ocio; vendemos tamén ideas e pretendemos innovar constantemente porque a xente está sempre alerta e non lle gusta repetir. Cada ano renovamos o catálogo de actividades e buscamos sempre a forma de sorprender.

- Canto teñen de artistas e canto de empresarios?

-M.P.: Os dous estamos en todo o proceso de creación e desenvolvemento das actividades, dende o principio ao final: poñemos a funda de traballo e facemos o que faga falta, dende sentarnos nunha mesa e idear as propostas da nova tempada ata facer orzamentos e caracterizarnos para saír á rúa. Somos moi coidadosos á hora de preparar o que o cliente vai ver e prestámoslle moita atención aos detalles, á estética e á presentación das actividades que facemos. Pensamos que esa é a única maneira de asegurar que se leve á práctica o que previamente tiñamos na cabeza.

-L.B.: Custounos moito chegar ata aquí e agora o nivel de esixencia que temos con nós mesmos é moi alto.

- Ademais de entreter tamén transmiten valores?

-M.P.: Iso intentamos. O mellor exemplo son os campamentos que organizamos. Nalgúns casos felicitáronnos expresamente non só por crear un espazo de xogo, senón por darlle unha temática, transmitir valores e cumprir uns obxectivos. Buscamos un resultado e que haxa algo máis detrás das actividades, non simplemente que transcorran os días pasándoo ben. No caso dos campamentos ou das actividades extraescolares, que poden durar un curso, ás veces aprecias evolucións incribles nos nenos. Son as actividades que dan máis traballo de organización pero tamén máis satisfaccións.

-L.B.: Cando falamos de cumprir uns obxectivos non nos referimos ao resultado físico final dunha manualidade ou dun obradoiro. Falamos de que o neno estea contento, que queira repetir, que se sinta cómodo. Interésanos o proceso, a interrelación, que aprendan.

- Aprecian que está a cambiar a forma de divertirse dos cativos?

-L.B.: Si. Levamos traballando neste mundo 11 anos e notámolo moito. Por exemplo, no momento de tempo libre que lles deixas nos campamentos, axiña os tes detrás de ti para preguntarche a que poden xogar. Abúrrense con facilidade. Penso que nese sentido as novas tecnoloxías están prexudicando máis ca axudando. Cada vez vense menos nenos xogando na rúa.

- É máis difícil traballar con nenos ou con adultos?

-L.B.: Con adultos. En xeral somos máis ríxidos á hora de deixarnos levar e de entrar nas dinámicas. Facemos actividades para xente dende cero a cen anos e vemos que no tramo que vai dende os adolescentes ata as persoas maiores custa máis entrar.

Tlf: 634 24 34 69
www.xanelaocio.com
info@xanelaocio.com

ATHENEA
FOTO ESTUDIO

- Especialide en Vodas
Pide o teu Presuposto

contacto: 881 95 90 83 - 634 752 656
email: atheneafoto@gmail.com
enderezo: Avda da Habana 3bj (Melide)